



ACTA DE REUNIÓN DE CONSTITUCIÓN DO CONSELLO SECTORIAL DE DEPORTE

NOME DO CONSELLO SECTORIAL: DEPORTE

Nº de acta: 1/2017

Lugar da reunión: Salón de Plenos municipal

Data: 28/04/2017

Hora: 20:15

Están presentes as seguintes persoas e/ou entidades:

- 1) Óscar Benito Portela Fernández, Alcalde de Sada e concelleiro de Participación Cidadá,
- 2) Juan Devesa, técnico de Deportes do Concello de Sada, en ausencia de Zeltia García, concelleira de Deportes,
- 3) Xosé Fernando Fariña, secretario da Alcaldía do Concello de Sada,
- 4) Pedro Abeledo Cortizas, en representación da asociación Sada Patín,
- 5) Tomás Rodríguez Mosquera, en representación do Club de Pesca Marítima de Sada,
- 6) José Antonio González Fernández, en representación do Club de Salvamento de Sada,
- 7) José A. Rilo Rilo, en representación do Carnoedo Club de Fútbol,
- 8) Alberto Morlán, en representación do Club de Atletismo de Sada,
- 9) Fernando Míguez Sánchez, en representación do Club de Atletismo de Sada,
- 10) Jorge Mosquera, en representación de Golfiños de Sada, que se incorpora case ao remate desta reunión.
- 11) Tamara Rubiños Varela, que asiste a reunión como parte do equipo técnico de Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do proceso de constitución dos Consellos Sectoriais de Sada,

e actúa como **secretaria:**

Tamara García Lema, como parte do equipo técnico de Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do proceso de constitución dos Consellos Sectoriais de Sada.

Trátase a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1ª parte: de constitución do Consello Sectorial.

1. Presentación da sesión e resumo do proceso de creación de Consellos Sectoriais realizado ata o momento.
2. Presentación de representantes institucionais, representantes dos grupos políticos con presenza no pleno, e representantes das asociacións que desexan integrarse.



3. Presentación das veciñas e veciños integrantes do Consello Sectorial a título individual.

4. Funcionamento do Consello Sectorial para a elaboración dun Regulamento Interno:

4.1. Establecemento das funcións do Consello Sectorial.

4.2. Establecemento da periodicidade das reunións.

4.3. Establecemento das canles de comunicación internas e externas.

5. Outros.

2ª parte: da seguinte reunión.

6. Temas a tratar na seguinte reunión do Consello, para comezar a elaborar a orde do día.

7. Varios.

8. Determinación da data, hora e lugar da seguinte reunión

9. Lectura da acta de constitución, sinatura da mesma polas persoas presentes e peche da sesión.

Da 1ª parte da reunión:

- Dá comezo a sesión coa presentación da mesma, por parte do equipo técnico, e a realización dun resumo do proceso levado a cabo ata o momento para a creación dos Consellos Sectoriais. Abórdase máis concretamente o tratado no 3º encontro participativo: funcionamento dos Consellos Sectoriais.
- O equipo técnico informa de que o Club Natural Sport Sada comunicou por medio de correo electrónico a súa intención en formar parte deste Consello, sendo Marta García Ramón a representante do mesmo no marco deste órgano. Son suplentes Soraya Caravaca Andreu e Begoña Couto Belmonte. Comunícase tamén que dende esta asociación informaron que non poderían estar presentes nesta sesión de constitución.
- Dáse a coñecer que a persoa que asumirá as funcións de secretaría deste Consello será: Xosé Fernando Fariña, secretario da alcaldía de Sada.
- Zeltia García, concelleira de Deportes e Óscar Benito Portela Fernández , alcalde e concelleiro de Participación Cidadá, serán as persoas que representen á Administración municipal neste Consello. Lémbrese que os grupos políticos de Sada teñen a posibilidade de designar representantes dos mesmos para formar parte deste Consello. Ata o momento non foi designada representante ningunha persoa por parte de ningún dos grupos políticos, quedando aberta esta posibilidade e podendo integrarse calquera persoa en calquera momento no futuro.



- As persoas presentes nesta reunión en representación de distintas asociacións, manifestan o interese dos colectivos aos cales representan, de formar parte deste Consello, mediante a designación das persoas que os representarán.
- Abórdase a periodicidade de reunións ordinarias a manter por este Consello, considerando por unanimidade a realización de tres reunións ao ano. Opínase que agosto é un mes de pouca actividade deportiva, polo que se propón que as reunións ordinarias se manteñan nos meses de maio, setembro e xaneiro. Ademais das reunións establecidas de xeito ordinario, procederá a realización de reunións extraordinarias cando sexa preciso.
- Abórdase cales serán as canles externas de comunicación do Consello Sectorial, consensuando facer pública a orde do día dunha reunión cuns 15 días de antelación, e facer pública a acta de cada reunión, cun tempo máximo de 30 días tras cada reunión, tras ser esta validada polas persoas participantes no Consello. Compréndese a flexibilidade deste prazo no caso de requirirse modificacións nas correspondentes actas.
- Queda constituído o Consello Sectorial da Cultura de Sada, composto polas entidades anteriormente sinaladas.

Da 2ª parte:

- Plantéxanse as seguintes cuestións e temas a tratar na seguinte reunión:
- As persoas presentes, en representacións das distintas asociacións, mostran interese por coñecer cal o orzamento municipal adicado a Deporte, así como por dispoñer dun inventario de instalacións municipais. As persoas presentes en representación do Concello manifestan que a mediados de maio entrarán en vigor os novos orzamentos, os cales poden ser presentados na seguinte reunión deste Consello.
- Abórdase o calendario municipal en canto ás actividades de tipo deportivo, e dende as asociacións presentes opínase que o evento “Deporte na rúa” é mellor que sexa realizado a principios de xullo. A realización da “Gala do Deporte” opínase que podería a finais deste ano ou comezos do seguinte.
- Interese por abordar a actividade das Escolas Deportivas e os campamentos.
- Plantéxase a idea de realizar actividades interxeracionais (entre persoas maiores e máis novas), tema que pode ser tamén tratado no Consello de Ensino, Infancia e Mocidade, ou calquera dos outros, ao tratarse dun tema transversal.
- Dende asociacións presentes móstrase interese por coñecer a concesión da xestión da piscina. Interese abordar na seguinte reunión cuestións como o horario da mesma, xestión, etc.
- Dende as asociacións presentes móstrase preocupación por contar cun técnico ou técnica de deportes de maneira estable, ao cal as persoas en representación do Concello responden sobre as limitacións que a este respecto supón a Relación de Postos de Traballo do Concello.



Data, hora e lugar da próxima reunión: Luns, 5/06/2017, ás 20:00h. no Salón de Plenos municipal.

Remata esta reunión sendo as 22:00h. Todas as persoas presentes nestes momento asinan a presente acta e manifestan coñecer o contido da mesma.



ANEXO Á ACTA DE CONSTITUCIÓN:

Tamara Rubiños Varela, en representación Desenvolvemento Local Galego S.L., empresa adxudicataria do desenvolvemento do proceso de creación dos Consellos Sectoriais de Sada,

EXPÓN:

- Que con data 9 de maio de 2017, Fernando España MANIFESTOU o interese da asociación Sada Futsal en integrarse no Consello Sectorial de Deportes de Sada, estando pendente de nomear á/ás persoa/s representante/s da mesma no marco deste Consello.
- Que con data 15 de maio de 2017, Jaime A. Paz Loureiro, MANIFESTOU o seu interese do Club Marítimo Recreativo de Sada en integrarse no Consello Sectorial de Deportes de Sada, sendo designada representante esta mesma persoa e sendo suplente Pablo Cayado Varela.
- Na mesma data, Jaime A. Paz Loureiro, MANIFESTOU tamén o interese da Asociación Cultural Mariñeira Os Patexeiros, de integrarse no Consello Sectorial de Deportes de Sada, sendo designada representante esta mesma persoa e sendo suplente Lucas Santolino.

En Sada, a 22 de maio de 2017.